Máis de medio centenar de visitantes descobren a beleza do bosque atlántico de #Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 01 Xullo 2015 22:15



Máis de medio centenar de persoas fixéronlle fronte á choiva para participar da primeira Xeira do Instituto de Estudos Miñoranos
que tivo o bosque de ribeira a cabalo entre o barrio de Canido e Porto do Molle, como primeiro destino. A visita discorreu por esta formación de grande importancia ecolóxica xa que "*regula a temperatura das augas, suxeita as marxes dos leitos impedindo así o seu arrastre polas cheas, e actúa de filtro verde purificando as augas que se incorporan ás correntes*", segundo explicacións do botánico Xosé Ramón García a pé das ribeiras do Río Muíños. Topónimo cuxo valor histórico patrimonial sería posto en dúbida máis adiante polo especialista Xosé Lois Vilar.

Máis de medio centenar de visitantes descobren a beleza do bosque atlántico de #Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 01 Xullo 2015 22:15





{jathumbnail off}